

**Programación  
didáctica  
1º de E.P.  
Curso 2021/2022**

## **ÍNDICE:**

Introdución.

1. Áreas curriculares.

- Ciencias da Natureza
- Ciencias Sociais
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Matemáticas
- Valores sociais e cívicos

2. Metodoloxía didáctica.

3. Materiais e recursos didácticos.

4. Procedementos e instrumentos de avaliación.

5. Criterios de cualificación.

- Rúbricas de avaliación.

6. Criterios de promoción.

7. Medidas de atención á diversidade.

8. Actividades complementarias e extraescolares.

9. Diferentes tipos de actividades lectivas.

## INTRODUCCIÓN

Esta programación está dirixida ao alumnado do 1º nivel de Educación Primaria. A finalidade desta etapa é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento etapas sucesivas.

A educación primaria contribúe a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permiten desenvolver os seguintes obxectivos, obxectivos que teremos en conta á hora de establecer a programación curricular para este nivel en concreto:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparándose para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñece, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencias comunicativas básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos da calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galega.

Para levar a cabo a programación deste curso trataremos de desenvolvela nun contexto global, partindo da necesidade máis inmediata do neno/a e accedendo ao máis afastado, a partir da súa experiencia e sempre que sexa posible para que o alumnos acaden, ao remate do proceso educativo, ditos obxectivos logo das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

# 1. ÁREAS CURRICULARES

## CIENCIAS DA NATUREZA

### Contribución da área ás diferentes competencias clave

Á competencia en comunicación lingüística (CCL). Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico, na medida en que nos intercambios comunicativos se valore a claridade na exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a síntese, etc., se estará a desenvolver esta competencia. Nesta área dáse necesariamente un acercamento a textos informativos, explicativos e argumentativos que requirirán unha atención específica para que contribúan a esta competencia.

Á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A área ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuíndo así ao desenvolvemento desta competencia.

Proporciona un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Os contidos do bloque 1 desta área contribúen especificamente a esta competencia.

Á competencia dixital (CD). Inclúense explicitamente no bloque 5 da área os contidos que conducen á alfabetización dixital; a aplicación nesta e no resto das áreas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia. A utilización básica do ordenador, o manexo de diferentes programas e a busca guiada en Internet, contribúen de forma decisiva ao seu desenvolvemento.

Á competencia de aprender a aprender (CAA). Favorece o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas o mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Ademais a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente ou por escrito, contribuirá ao seu desenvolvemento.

Ás competencias sociais e cívicas (CSC). As relacións cos compañeiros supoñen o coñecemento de emocións e sentimentos en relación cos demais. Un obxectivo da área é o desenvolvemento de actitudes de diálogo, de resolución de conflitos, da asertividade

que conleva o uso de habilidades, de modos, de recoñecemento e uso das convencións sociais para facilitar unha boa comunicación e o benestar do grupo. Esta área é un espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades con respecto ao grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia en situacións reais que hai que resolver diariamente.

Á competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Desenvolverán habilidades para manexarse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.). Ademais aplicarán os coñecementos para solucionar problemas da vida cotiá, realizarán tarefas de forma autónoma, adquirirán coñecementos sobre vida saudable, dieta equilibrada, hábitos, etc. que terán aplicación antes ou despois na súa vida diaria e desenvolverán unha actitude positiva cara ao cambio e á innovación.

Á competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). Realizarán diversas actividades de creación plástica que axudarán a comprensión de diferentes contidos a través dunha coidadosa selección, desde a perspectiva estética, das ilustracións e as fotografías.

Bloque 1: Iniciación á actividade científica				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h i j	B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.	B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CAA CCL CMCCT CSIEE CCEC CD
			CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE
a b c m	B1.5. O traballo cooperativo. B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCCT CSC CSIEE

Bloque 2: O ser humano e a saúde				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b e d h	B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos. B2.2. Comparación con outros seres vivos. B2.3. Observación de iguais e	B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CMCCT CSC
			CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	CMCCT CSC

k m	diferenzas entre as persoas. B2.4. Identificación das partes do corpo humano. B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos.		CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT CCL CSC
a b d h k m	B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.	B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	CMCCT CSC
			CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCCT CSC
b c e g h	B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios. B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria.	B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria.	CMCCT CSIEE

Bloque 3: Os seres vivos				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h l	B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais. B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.	B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	CMCCT CCL
			CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	

			CNB3.1.3. Amona condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCCT
a b c e h i j l m o	B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno. B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes. B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.	B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	CMCCT CCL CAA CSIEE CD

Bloque 4: Materia e enerxía				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b e h	B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.	B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	CMCCT CSC CSIEE
			CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola	CMCCT CSC
b g h	B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade	B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	CMCCT

Bloque 5: A tecnoloxía, obxectos e máquinas.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h j m	B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas. B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoiira, espremedor etc.) B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá	B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	CMCCT CSC CCL
			CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CMCCT CSC CSIEE
a b h i	B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. B5.5 Coidado dos recursos informáticos.	B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCCT CD CCL
			CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CMCCT CD

## CIENCIAS SOCIAIS

### Contribución da área ás diferentes competencias clave

Á competencia en comunicación lingüística (CCL) co aumento da riqueza en vocabulario específico, na medida en que nos intercambios comunicativos se valore a claridade na exposición e o rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese, etc que se inician neste nivel educativo. Nesta área dáse necesariamente un acercamento a textos informativos, explicativos e argumentativos que tamén requirirán unha atención específica.

Á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). Á competencia matemática pola utilización de ferramentas matemáticas en contextos significativos, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas. Ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ao potenciar a interacción co mundo físico xa que moitas das aprendizaxes integradoras están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que lle rodea.

Á competencia dixital (CD) a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área. Esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión que se inician neste nivel. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte informativa, esixe un uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, moitas veces empregando as TIC, nas que se inician agora.

Á competencia de aprender a aprender (CAA) o desenvolvemento de técnicas para organizar, memorizar e recuperar a información: a realización mapas mentais sinxelos, recollidas de datos e rexistros, interpretacións de liñas do tempo, árbores e outros esquemas...que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Tamén contribúe a reflexión sobre que se ha aprendido, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito.

Ás competencias sociais e cívicas (CSC) co coñecemento de emocións e sentimentos e o desenvolvemento de actitudes de diálogo, de resolución de conflitos nas relacións próximas con amigos e compañeiros. Moitos dos contidos desta área desenvolven esta competencia especialmente os do bloque 3: vivir en sociedade.

Á competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) ao ensinar a tomar decisións desde o comportamento propio, tanto no ámbito escolar como na planificación autónoma de accións e tarefas e asumir responsabilidades.

Á competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) céntrase no coñecemento das manifestacións culturais (vivendas, festas...), a valoración da súa diversidade e o recoñecemento de aquelas que forman parte do patrimonio.

Bloque 1: Contidos comúns				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h i	B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. B1. 3 Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.	B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA CCL CD CMCCT
			CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA CSC
a b c d m	B1.5.O traballo en equipo. B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.	B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA
		B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA
h	B1.9.Utilización da terminoloxía	B1.4.Coñecer e iniciarse no	CSB1.4.1.Identifica a	CCL

o	propia da área.	emprego da terminoloxía propia da área	terminoloxía propia da área.	CMCCT CSC
---	-----------------	--	------------------------------	--------------

Bloque 2: O mundo que nos rodea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h j o	B2.1.A contorna física: observacións das características principais.	B2.1. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	CMCCT CD CAA
			CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.	CMCCT CCL
h a o	2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables.	B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.	CMCCT CCL
		B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	CMCCT CSC CCL
g h i o	B2.3.O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital,..	B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CMCCT CD CCL

		B2.5.Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais.	CSB2.5.1.Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCCT CAA
h g e	B2.4.Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite.	B2.6.Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	CMCCT CCL
		B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	CMCCT CAA
a h o	B2.5.Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea.Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza.	B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1.Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CMCCT CAA
		B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CSC CMCCT

Bloque 3: Vivir en sociedade				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave

a c h	B3.1. Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares.	B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	CMCCT CSC CAA
a h	B3.2. A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.	B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	CMCCT CSC CCL
a h	B3.3. Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.	B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	CSC
h e o	B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.	B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	CCL CMCCT
			CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	CMCCT CAA
		B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	CCL CMCCT
h e	B3.5. Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.	B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT CAA
h	B3.6. Educación viaria. Camiñando	B3.7. Observar e discriminar	CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico	CSC

n	pola rúa.	diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.	necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	CAA
j h o	B3.7.Manifestacións culturais da contorna.	B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC CSC CCL

Bloque 4: As pegadas do tempo				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h g n e	B4.1.Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	B4.1.Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.	CSB4.1.1.Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.	CSC CAA CCL
		B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSB4.2.1.Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC CAA CCL
h g e	B4.2.Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo	B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como	CSB4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.	CMCCT CCL

	os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.	instrumento para medir e representar o paso tempo.		
--	---	--	--	--

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### Contribución da área ás diferentes competencias clave

Á competencia en comunicación lingüística (CCL): os contidos da área oriéntanse de maneira prioritaria a garantir o desenvolvemento desta competencia en todas as súas dimensións, o que inclúe a maior parte dos coñecementos e das destrezas imprescindibles para iso.

Á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): porque a actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. a axeitada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde, a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran una mellor comunicación das experiencias realizadas. Ademais pola utilización de textos con información sobre o medio físico ou a dos números nalgúns exercicios (ordenar secuencias...).

Á competencia dixital (CD) pola utilización de xeito guiado das tecnoloxías dixitais como fonte de diversos textos e porque os novos medios de comunicación dixitais que xorden continuamente, implican un uso social e colaborativo da escritura, o que permite concibir a aprendizaxe da lingua escrita no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

Á competencia de aprender a aprender (CAA) porque o acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe se relaciona directamente con esta competencia. A linguaxe, oral ou escrita, permite aos seres humanos relacionarse e integrar novas informacións que, xunto aos coñecementos previos e as experiencias persoais, vanlles permitir seguir aprendendo de xeito permanente. Ademais, a linguaxe facilitará os procesos de autoevaluación e desenvolvemento do pensamento, capacitando as persoas a corrixir os propios erros e a comunicar as súas experiencias e acertos, elementos substanciais desta competencia. Neste nivel iníciáanse en comprender o sentido global dun texto, identificar as ideas xerais, identificar as fontes máis axeitadas para obter informacións...

Ás competencias sociais e cívicas (CSC) porque con esta área desenvolverán habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas, xa que necesariamente a súa adquisición require o uso da lingua como base da comunicación. Aprender lingua é, ante todo, aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura aos demais. Por outra

parte na medida que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, analiza os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe se está a contribuír ao desenvolvemento desta competencia.

Á competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) co desenvolvemento da habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo e de elixir, planificar e xestionar con criterio propio.

Á competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) ao recoñecer a propia lingua como elemento cultural de primeiro orden, e coa lectura, comprensión e valoración das obras literarias. Na medida en que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión e apreciación de las obras de arte e escénicas.

Bloque 1: Comunicación oral. Falar e escoitar				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d e	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL CAA CSC
			LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL CAA CSC
b e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais (entoación e ton) e non verbais (xestuais e corporais) para comunicarse oralmente.	CCL CSC
a b e	B1.3. Participación en situación de comunicación de aula, espontáneas ou dirixidas, organizando, de forma xeral, o discurso.	B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
b e	B1.4. Interese pola ampliación de vocabulario. B1.5. Creación de redes semánticas moi sinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL
b d e i	B1.6. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) e procedentes de diversas fontes.	B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA

b d e i	B1.7. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación	LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese	CCE CAA
b e	B1.8. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC
b e	B1.9. Dramatizacións de textos infantís.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
b e	B1.10 Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CCL CSIEE
			LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba ....	CCL
			LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...	CCL
a d e m	B1.11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
a b e	B1.12. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL CAA CSC CSIEE

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e	B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
b e	B2.2. Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.	B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL CAA
e	B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.	B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	CCL CAA
b e	B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
			LCB2.4.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
b e	B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector.	B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CCL CD CAA
a b e	B2.6. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC

Bloque 3: Comunicación escrita. Escribir				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	B3.1. Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	CCL
			LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...	CCL
e	B3.2. Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.	B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
b e	B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura. B3.4 Produción de textos segundo Plan de escritura.	B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) e coida a presentación	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	CCL CD CAA
			LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL CAA

Bloque 4: Coñecemento da lingua				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e	B4.1. A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes	B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL

	clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais		LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL
			LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL
			LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais	CCL
			LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.	CCL
			LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	CCL
b e	B4.2. Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.	B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
			LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL
			LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	CCL
b e	B4.3. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.	B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	CCL
c	B3.2. A resolución de conflitos. Identificación de situacións agradables	B3.2. Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos	VSCB3.2.1. Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada	CAA CSIEE

	e desagradables na vida cotiá. Recoñecemento dos conflitos habituais. Explicación dos conflitos cotiás.	conflitos habituais no colexio.	a súa idade	CSC
a o	B3.3. As normas de convivencia. O coñecemento e o respecto das normas de convivencia na casa e na aula. A valoración das condutas cotiás en relación coas normas de convivencia. B3.4. Respetto e conservación do medio ambiente. O uso responsable dos materiais persoais e escolares.	B3.3. Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	CSC
			VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	CSC CSIEE
			VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.	CSC
d	B3.5. Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola.	B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC
			VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC
n	B3.6. A educación viaria. As normas básicas de educación viaria. Sinais de tráfico para os peóns.	B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	CSC
			VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	CSC CAA
			VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.	CSC CCL

## **2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A metodoloxía que empregamos baséase nos seguintes principios:

**PARTIR DO NIVEL DE DESENVOLVEMENTO DO ALUMNADO** e das súas aprendizaxes previas, proporcionando situacións de aprendizaxe motivadoras.

Ser unha metodoloxía **ACTIVA** e **PARTICIPATIVA**, que basea o proceso de ensino aprendizaxe na experimentación do alumno sobre os obxectos do seu ámbito e fomenta a creatividade, a resolución dos desafíos formulados e a busca persoal do coñecemento.

Posibilitar que os alumnos realicen **APRENDIZAXES SIGNIFICATIVOS** por si sós e **DESENVOLVER** a **SÚA MEMORIA COMPRENSIVA**.

Ser unha metodoloxía **DIFERENCIADA** que pon atención personalizada á diversidade, xa que ten en conta que os ritmos e dificultades de aprendizaxe difiren en boa medida duns alumnos a outros, planificando varios niveis de aprendizaxe para que cada alumno desenvolva plenamente o seu potencial cognitivo.

Ser unha metodoloxía que fomenta a toma de decisións e desenvolve a iniciativa persoal e o nivel de autonomía persoal dos nosos alumnos, aplicando estratexias que estimulan a pensar, a razoar e a aprender a aprender, desenvolvendo capacidades de escoita, atención, comprensión e expresión.

Ser unha metodoloxía que promove a cooperación e o traballo en equipo, fomentando nos nosos alumnos a escoita, respecto e aceptación dos puntos de vista distintos ao propio.

Ser unha metodoloxía orientada a aprendizaxe funcional e o desenvolvemento das competencias básicas na medida que a aprendizaxe dos contidos, relacionados sempre con situacións cotiás do ámbito físico, social e cultural do alumno, vai dirixida precisamente á súa utilidade para enfrontarse con éxito ás múltiples ocasións da vida diaria.

Esta metodoloxía inclúe **COMUNICACIÓN** e **COORDINACIÓN CONSTANTES COAS FAMILIAS**, para enriquecer e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

## **3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Entre outros utilizaranse os seguintes materiais:

Libros de texto

Fichas de repaso e de reforzo e ampliación

Dicionarios (lingua castelá e lingua galega)

CD audio

Documentos dixitais (páxinas web, fotografías dixitais...)

Cadernos

Xornais

Libros de lectura e consulta

Carteis, pósters, láminas, mapas...

Fichas de reforzo e ampliación e de control e avaliación

Material de xogo simbólico, xogos didácticos diversos (crebacabezas, encaixes...)

Diverso material didáctico de matemáticas: ábacos, base 10, instrumentos de medida, figuras xeométricas...

Diverso material de plástica: pinturas, lapis, goma, afialapis, ceras, rotuladores, compás, regras, papeis de cores, acuarelas, pinceis, tesoiras, pegamento, material de refugallo...

Encerado dixital.

#### **4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

##### **Observación sistemática e diaria**

Rexistro diario.

Ficha persoal de recollida de datos.

##### **Análise das producións dos alumnos:**

Caderno de clase.

Textos escritos.

Producións orais.

Producións utilizando TICs.

##### **Intercambios orais cos alumnos:**

Diálogo.

Postas en común.

Asembleas.

##### **Probas específicas**

Obxectivas.

Abertas.

Resolución de exercicios.

Autoavaliación.

Portfolios físicos de cada alumno.

Rúbricas de avaliación para o alumnado e para o docente.

## 5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Valoramos para cualificar os nosos/as alumnos/as entre outros moitos os seguintes aspectos:

Traballo diario na aula: Mediante a observación diaria sistemática do traballo realizado polo/a alumno/a na aula valorarase se acadan os obxectivos. Os traballos serán escritos e/ou orais (respostas a preguntas, exposicións de ideas, conversas, lecturas, actividades do libro...)

Probas escritas e orais: Rendemento demostrado polos alumnos mediante sinxelas probas orais e/ou escritas da adquisición de coñecementos e da capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes.

Actitude, atención e esforzo: Dada a importancia de que nos primeiros niveis se desenvolvan unha serie de hábitos que favorezan o proceso de aprendizaxe valorarase positivamente que o alumno/a teña unha actitude e atención axeitadas e que se esforce na realización das tarefas.

Presentación dos traballos: Valorarase positivamente a boa presentación dos traballos realizados diariamente (boa letra, respectar as marxes, coidar a limpeza do caderno ou libro de traballo...)

A nota de cada unha das áreas resultará de:

90% polo traballo diario na aula (ver estándares) + 5% pola actitude e o esforzo + 5% a criterio do mestre.

A nota de cada competencia clave resultará de:

80% das áreas de Matemáticas, Lingua galega; Lingua castelá, Ciencias sociais, Ciencias da natureza e Plástica + 5% de Educación Física + 5% de Inglés + 5% de Relixión/ Valores cívicos e sociais + 5% de Música.

## RÚBRICAS PARA UNHA VALORACIÓN CUANTITATIVA DAS DISTINTAS ÁREAS AO FINAL DE CURSO.

CIENCIAS DA NATUREZA					
Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	1.25	2.50	3.75	5	
CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.					
CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.					
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.					
CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.					
CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.					
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.					
CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.					
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.					
CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria.					
CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.					
CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.					
CNB3.1.3. Aмосa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.					
CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.					
CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.					
CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.					
CNB4.2.1. Identifica cor, dureza,cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.					
CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.					
CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.					
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.					
CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.					
Súmase todo e divídese entre 10.				Total	

CIENCIAS SOCIAIS					
Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	1.25	2.50	3.75	5	
CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.					
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.					
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable,construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.					
CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.					
CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.					
CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.					
CSB2.2.1.Describe as características principais do aire e da auga e a súa importancia na contorna.					
CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo, fai recollidas de datos e rexistros e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.					
CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.					
CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.					
CSB2.8.1.Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.					
CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco (árbore xenealóxica), discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros dela.					
CSB3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.					
CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.					
CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.					
CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.					
CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.					
CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.					
CSB3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.					
CSB4.1.1.Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.					
Súmase todo e divídese entre 10.				Total	

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	0.60	1.25	1.85	2.5	
LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.					
LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.					
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais (entoación e ton) e non verbais (xestuais e corporais) para comunicarse oralmente.					
LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.					
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.					
LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.					
LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.					
LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.					
LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.					
LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde.					
LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...					
LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.					
LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.					
LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.					
LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.					
LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...					
LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.					
LCB2.4.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.					
LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.					
LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.					
LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.					
LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, etc					
LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.					

LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...					
LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.					
LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.					
LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.					
LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.					
LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.					
LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.					
LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.					
LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.					
LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.					
LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.					
LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...					
LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.					
LCB5.2.2 Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).					
LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.					
LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.					
LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua castelá, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.					
Súmase todo e divídese entre 10.				Total	

LINGUA GALEGA E LITERATURA					
Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	0.60	1.25	1.85	2.5	
LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais e documentos audiovisuais sinxelos.					
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e constando se é preciso.					
LGB1.3.2. Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.					
LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.					
LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.					
LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.					
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.					
LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.					
LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.					
LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.					
LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.					
LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.					
LCB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.					
LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.					
LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...					
LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.					
LCB2.1.2 Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.					
LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia.					
LGB2.3.1. Descodifica de forma adecuada na lectura de textos moi sinxelos.					
LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.					
LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.					
LGCB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dunha maneira moi sinxela as súas preferencias lectoras.					

LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.					
LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.					
LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.					
LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.					
LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.					
LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos.					
LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.					
LGB3.2.1. Utiliza de forma guiada estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nova, aviso, conto).					
LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.					
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes , de forma xeral, palabras e sílabas.					
LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra.					
LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.					
LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.					
LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.					
LGB5.1.1. Recrea e escribe de forma moi sinxela diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.					
LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.					
LGB5.2.1. Le de forma guiada, textos en silencio e en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.					
LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.					
Súmase todo e divídese entre 10.				Total	

# MATEMÁTICAS

Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	1.25	2.50	3.75	5	
MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.					
MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.					
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.					
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais					
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.					
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras en situacións reais e figuradas.					
MTB2.2.4. Ordena número enteiros e represéntaos na recta numérica.					
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.					
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.					
MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.					
MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.					
MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso e volume entre dous obxectos de uso habitual.					
MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.					
MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.					
MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.					
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos aritméticos, de medida. de medidas temporais, xeométricos, con gráficas e comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na súa resolución.					
MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda- dereita, diante-detrás, arriba- abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.					
MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante- detrás, arriba-abaixo, preto- lonxe e próximo-afastado.					
MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.					
MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.					
Súmase todo e divídese entre 10.					Total

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS					
Estándares de aprendizaxe	1	2	3	4	Pts
	1.25	2.50	3.75	5	
VSCB1.1.1. Expressa a percepción da súa propia identidade persoal e física.					
VSCB1.2.2. Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións					
VSCB1.2.3. Dramatiza diferentes estados de ánimo e sentimentos.					
VSCB1.3.2. Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor (relaxación...)					
VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.					
VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.					
VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.					
VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.					
VSCB2.2.1. Expressa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.					
VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.					
VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.					
VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.					
VSCB2.4.1. Representa e dramatiza diferentes formas de vida.					
VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.					
VSCB3.2.1. Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade					
VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.					
VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.					
VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.					
VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo e participa de maneira axeitada con membros de diferentes sexos.					
VSCB3.5.2. Recoñece e respecta as normas de educación vial e os elementos que os regulan.					
Súmase todo e divídese entre 10.				Total	

A valoración dos indicadores de logro das rúbricas anteriores son as que seguen:

1 equivale a NUNCA

2 equivale a ALGUHAS VECES

3 equivale a CASE SEMPRE

4 equivale a SEMPRE

## **6. CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Ao longo deste curso estableceranse no centro uns criterios de promoción únicos para toda a etapa de primaria.

O equipo docente decide a promoción dunha alumna ou dun alumno ao final de cada curso, na sesión de avaliación, como resultado do proceso da mesma. Adoptarase a medida de forma colexiada e mantendo as vías de comunicación coa familia, primando o criterio da persoa titora.

O/a alumno/a promocionará ao seguinte curso sempre que alcance un desenvolvemento axeitado das competencias clave e un axeitado grao de madurez conforme á súa idade.

As aprendizaxes non alcanzadas serán tratadas no seguinte curso coas medidas de apoio e reforzo individuais necesarias para conseguir ditas aprendizaxes.

O/a alumno/a non promocionará, e permanecerá un ano máis no mesmo curso, se obtén a cualificación de Insuficiente en Matemáticas e nunha destas dúas materias: Lingua Galega ou Lingua Castelá. Se obtén Insuficiente nunha destas materias e ademais tamén noutra/s non troncais, farase unha valoración do caso concreto para tomar unha decisión.

Esta medida soamente adoptarase unha vez en toda a etapa de Educación Primaria. No caso de que esa medida xa fora tomada en anos anteriores, a promoción automática deberá ir acompañada de medidas de reforzo e apoio no curso seguinte.

Para obter unha valoración positiva nas áreas de lingua galega, lingua castelá ou matemáticas o alumnado deberá ter un nivel de consecución de máis de 2 en todos os seguintes estándares, por consideralos indispensables para poder continuar coa aprendizaxe no curso seguinte.

A nota de cada área será a media da valoración dos diferentes estándares redondeada á décima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>
Estándares de aprendizaxe
LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.

<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>
Estándares de aprendizaxe
LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais e documentos audiovisuais sinxelos.
LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas e signos de puntuación.
LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio e en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

<b>MATEMÁTICAS</b>
Estándares de aprendizaxe
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras en situacións reais e figuradas
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na

resolución de problemas contextualizados.
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos aritméticos, de medida. de medidas temporais, xeométricos, con gráficas e comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na súa resolución

## 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade terá como obxectivo primordial garantir a resposta educativa á realidade de cada alumno/a, buscando a formación integral como persoa, que lle permita adaptarse e integrarse no contexto no que vive dun xeito harmónico.

O centro adoptará as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.

A práctica educativa estará adaptada ás características persoais, necesidades, contexto, intereses e estilo de aprendizaxe do alumnado, potenciando as súas capacidades e aptitudes, dentro dun proceso continuo de asimilación e adquisición de destrezas, coñecementos, hábitos, valores, habilidades sociais, etc.

Esta intervención comezará por unha correcta avaliación inicial das necesidades que se van presentando, tanto nos nenos que empezan en educación primaria como nos que se incorporan procedentes doutros centros, facendo unha atención temperá do alumnado que requira medidas distintas das habituais, ben por presentar necesidades educativas especiais, ou por outros motivos que precisen recursos ou planificación: retraso madurativo e de aprendizaxe, altas capacidades, incorporación ó noso sistema educativo procedente do estranxeiro, problemas familiares ou socio-culturais, entorno pouco favorable, etc.

Despois buscarase a resposta educativa que máis se adapte ás súas necesidades e características persoais.

Tanto á hora de detectar estas situacións, como no momento de darlles resposta haberá unha colaboración de tódolos profesionais implicados: titor, especialistas, profesoras de P.T. e A.L. e orientador, podendo ser necesaria a intervención de persoas alleas ó centro: EOE (Equipo de Orientación Específico de A Coruña), Servizo de Inspección, etc, así como a utilización sistemática de información de médicos, psicólogo do SERGAS ou privado, traballadora social do Concello, logopedas, Unidade de Atención Temperá, etc, sendo fundamental a coordinación de todos estes servizos.

As familias estarán informadas de todas as avaliacións e intervencións que se poñan en marcha, así como das medidas adoptadas, dos resultados da súa implementación e dos cambios que se vaian facendo. Ademais, o pai e a nai serán, en moitos casos, parte activa, poñendo en práctica pautas educativas, traballando hábitos e normas, establecendo límites, estimulando a linguaxe oral, a motricidade, a autonomía persoal e a socialización cos iguais, aportando informes doutros profesionais, etc.

Cando no centro detectamos dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, hai que poñer en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren pertinentes. Normalmente é o titor o que fala co orientador, intentando reflexionar sobre a situación de forma conxunta. Moitas veces é necesaria unha avaliación psicopedagóxica con aplicación de probas curriculares e psicométricas, observación na aula e no patio, revisión de cadernos e traballos escolares. Para atopar as causas dese desfase case sempre é importante a entrevista ós pais, o seguimento... Unha vez realizada esta avaliación hai que tomar as decisións que se consideren máis adecuadas: apoio por parte do titor (as veces utilizando material aportado polo orientador), axuda por parte da especialista de P.T. dentro ou fóra da aula ordinaria ou adaptación curricular. O reforzo constará no historial académico e no boletín de cualificacións que se envía á casa. A adaptación curricular contará con Vº e prace de inspección e elaborárase unha vez esgotadas as outras medidas de atención.

Para a adaptación curricular individualizada haberá que elaborar un documento detallado que desenvolverá os seguintes aspectos: resumo do informe de diagnóstico, anamnese, historial médico e evolutivo resumido, antecedentes escolares, datos familiares e do entorno, necesidades educativas, criterios metodolóxicos, recursos humanos e materiais, pautas de seguimento e, por suposto, áreas curriculares adaptadas en tódalas competencias, con obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc, sempre partindo do nivel actual de competencias do neno/a e do currículo de referencia.

Cando un alumno/a se incorpora tardiamente ó sistema educativo procedente doutro país, haberá que ter en conta as súas circunstancias, nivel de coñecementos, etc.

Corresponde ás administracións educativas adoptar as medidas necesarias para que os pais ou tutores legais dos alumnos que se incorporan tardiamente ao sistema educativo reciban o asesoramento necesario sobre os dereitos, deberes e oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego

Se ten grandes carencias na lingua de escolarización do centro, poderase realizar un programa de inmersión lingüística simultáneo á escolarización na aula ordinaria.

Se o desfase no nivel de competencia curricular é de máis dun ciclo, haberá que considerar a escolarización no curso inferior ó que lle correspondería por idade, implementando un reforzo educativo que axude a superar ese desfase. No caso de que estas medidas tivesen efecto, acabaría incorporándose ó curso pertinente.

A escolarización do alumnado con altas capacidades ou sobredotación intelectual deberá facerse tendo en conta o seu nivel intelectual, pero tamén o seu equilibrio persoal, a motivación nas actividades de aula, o estilo de aprendizaxe e a socialización, podendo flexibilizárselle o currículo e mesmo chegando a anticipar un curso, permanecendo un ano menos en E.P.

Na educación primaria poderán realizarse adaptacións curriculares das áreas nas que hai un maior retraso ou dificultades concretas, normalmente nas chamadas instrumentais (linguas e matemáticas), aínda que se pode adaptar calquera outra, por exemplo educación física cando hai deficiencia sensorial ou motórica, etc.

Os criterios de avaliación e promoción tomarán como base o currículo de referencia e os obxectivos e contidos que consten no documento individualizado de adaptación curricular.

## **8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Debido á organización en grupos de convivencia estable, neste curso realizaranse as actividades e celebracións propostas dende os diferentes equipos de dinamización, non de forma masiva.

As celebracións poderán ter lugar dun xeito diferente, e serán os diferentes equipos docentes os que organicen as mesmas baixo as seguintes premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferentes grupos.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección necesarias antes e despois da celebración do evento.

Organizaranse diferentes actividades a nivel de aula adicadas a salientar a importancia das conmemoracións recollidas na orde que aproba o calendario escolar para o presente curso.

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva serán organizadas

polo concello/ANPA.

## **9. DIFERENTES TIPOS DE ACTIVIDADES LECTIVAS**

A presente programación didáctica elaborouse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os contidos de cada materia de xeito virtual.

Cada mestre propondrá as tarefas ao alumnado que reforcen os contidos da materia ou a avaliación continua da mesma.

Manterase un contacto permanente co alumnado e as súas familias para unha continuidade do ensino a distancia.